

TEATRO



T
crítica



Irreverente Inma López Silva

Os textos chamados “familiares” de Roberto Vidal Bolaño teñen a frescura e a graza da irreverencia tanto para os máis cativos coma para os adultos. O *Tou-*

porroutou da lúa e do sol, baixo unha aparente sinxeleza baseada nas formas de narratividade popular (o cantar de cego, os contos populares de mouros e tesouros, mesmo a Biblia)

agacha un teatro delicioso cargado de constantes dobres sentidos, ironías e referencias que outorgan á obra unha dimensión máis fonda e, sobre todo, que a emparentan á perfección con calquera dos textos “maiores” do autor. No *Touporroutou* está o Vidal Bolaño anticlerical, o imaxinativo, o crítico coa sociedade, o irónico co oficio do teatro, o soñador e, sobre todo, o Vidal Bolaño máis sensíbel ante a mirada inocente e desinhibida dos nenos que cre fondamente na intelixencia destes para entender un teatro que di máis do que parece.

A proposta de Eduardo Alonso basea a súa eficacia en dous elementos: a visualidade e a medición dos ritmos para manter a atención do público infantil. Esa visualidade, indicada xa no texto como modo de emparentar a obra co teatro de rúa tradicional, convértese aquí en efecto de sorpresa que procede dos traxes e do atrezzo, da propia escenografía que, ao mesmo tempo, mantén o seu lado basto e manual que nos retrotrae ás feiras e festas populares. Medidas doses de música (que, con todo, non permiten falar de espectáculo musical) serven para elaborar os contrapuntos rítmicos da peza e para introducir as distintas narracións que se van fiando unhas ás outras para elaborar un retablo no que a historia do enfado entre a lúa e o sol non é máis cá escusa para contar outros moitos contos. Os intérpretes, que dominan os códigos do teatro para a infancia mesturados co concepto bolañiano de “farsa zoqueira”, destacan xustamente nos momentos de ironía nos seus chos-

TOUPORROUTOU DA LÚA E DO SOL

Autor: Roberto Vidal Bolaño

Dirección e iluminación: Eduardo Alonso

Compañía: Centro Dramático Galego, Teatro do Noroeste

Elenco: Alejandro Carro, Fernando González, Laura Míguez, Victoria Pérez

Espazo escénico: Baltasar Patiño

Música: Bernardo Martínez

Escenografía e vestuario: Paco Conesa



crítica **T**

Este *Touporroutou* é unha desas pezas que nos agradan sen alardes, que nos conducen a un espazo de entretemento que non renuncia a unha dobre lectura algo máis reflexiva na irreverencia duns personaxes que constantemente nos lembran, sen nolo dicir, que Deus é bo pero o demo non é malo. Isto é: Vidal Bolaño e Eduardo Alonso ensinan os nenos, que levan os pais ao teatro, que nada está preconcebido e que temos dereito

cares aos espectadores adultos. Se cadra, Victoria Pérez no personaxe da que evoca os cegos dos cantares é a que amosa un rexistro máis plano, sobre todo ante o protagonis-

mo que adquiren Fernando González e Laura Míguez ante os constantes ires e vires de personaxe e, sobre todo, ante o entrar e saír no rol do propio actor.

a dudar da versión oficial dos relatos sociais, históricos e, por que non, políticos. E iso, tratándose dos tempos que corren e vindo da compañía pública, agrádese.